

Táboas

unha mirada de ●●aíne'

**“Pode que apareza
alguén e diga
que isto xamais
sucedeu”**

Fariña volve a Galicia

**Entrevista a
Xosé Touriñán**

Cos pés na terra
e o público na
cabeza

**Catro
Gatos**

Touriñán volve á
TVG acompañado
de amigos

**Somos
Criminais 3**

Ondas de humor
con idiosincrasia
galega

**Continente
María**

100 anos do
nacemento da
actriz galega



EMPATÍA

Nalgún momento destes meses raros apetecía comparar. Trens con teatros, teatros con bares, bares con cines, cines con igrexas... En voos cheos chegaban artistas para actuar en teatros baleiros, como explicou o barítono Carlos Álvarez cando aterrou na Coruña en setembro do 2020, nun avión aos topes, para interpretar a Verdi no Teatro Colón diante de sesenta persoas. O das sesenta, porque sesenta non son cen, pero tampouco son cincuenta, deu moito que falar.

Non parece agora que apetece máis pasar páxina e empezar a vivir de novo, que pedir explicacións? Será que a pandemia empobreceu aos da cultura por puro azar?

Entendemos que si: foi por puro azar. Por iso dedicamos tempo agora a facer o que mellor sabemos facer: preparar o reencontro co público. Incluídas as tripulacións dos avións e dos trens, toda a xente da hostalería, as monxas, os curas, e os sesenta fans de Verdi que foron ao Teatro Colón da Coruña en setembro do 2020.

Pouca culpa teñen todas e todos eles: fiéis espectadores, tantas veces, de moitos dos nosos espectáculos, xunto con toda a xente que neste tempo coidou de nós desde os seus postos de traballo. Toda a empatía do mundo desde as táboas. •

táboas
unha mirada de ●●aine

A revista *táboas* editaa **Ainé Producións**
Rúa Enrique Mariñas 32G, 2º
15009 A Coruña
Tel. 881 946 972
ola@aine.gal
www.aine.gal
@aine_gal

TEXTOS de Saúl Rivas, Suso Toxeira e Álvaro Pérez Becerra

COA COLABORACIÓN DE Nacho Carretero, Tito Asorey, José L. Prieto

FOTOGRAFÍAS de Aigi Boga, Carlota Añón e Yeray Diéguez

COORDINACIÓN DE PRODUCCIÓN
Elisa Martínez

AGRADECIMENTOS Goretti Castro, Pedro González, Patricia Sánchez, Antonio Vázquez, e todo o equipo de Ainé e Undoddez

FOTO DE PORTADA
AIGI BOGA
@aigiboga

DESEÑO E MAQUETACIÓN
PORCO CREATIVO
damian@porcocreativo.gal

Esta revista foi impresa por Imprenta Vazmar en novembro de 2021.



XO
SÉ A.
TOU
RI
ÑÁN

«O SECRETO É NON
PERDER NUNCA DE VISTA
PARA QUEN TRABALLAS.
NO MEU CASO, TRABALLO
PARA O PÚBLICO»

POR SAÚL RIVAS

Xosé A. Touriñán é un dos artistas máis recoñecidos en Galicia. Actor, humorista, produtor, guionista... recoñece que non pode estar parado. Sempre con ganas de facer e probar cousas novas, os que o coñecen e traballan con el coinciden na súa capacidade para involucrar á xente nos proxectos e en que sempre aporta ideas ou enfoques novos. Como di el mesmo, «eu xogo a este xogo, divírtome e penso que se nos divertimos todos, as cousas saen ben».

Logo de saltar á fama co dúo cómico 'Mucha e Nucha', formado con Marcos Pereiro, Touriñán desenvolveu unha exitosa carreira como actor e monologuista paralelamente á súa faceta como produtor de teatro e audiovisual e impulsor de iniciativas culturais como o festival Castelo Conta, do que é director.

Somos Criminais, o espectáculo creado xunto con Carlos Blanco, foi un fito no teatro galego logrando vender máis de 50.000 entradas e enchendo teatros por toda Galicia. Despois de aparecer como actor na exitosa serie *Fariña*, xuntou forzas con Nacho Carretero, autor do libro, para levar a historia do narcotráfico en Galicia ao teatro. Tras a súa estrea en Galicia, a irrupción da Covid-19 paralizou durante uns meses toda a actividade escénica, pero no outono de 2020, *Fariña* chega a Madrid e colleita un éxito sen precedente en Matadero e tras unha estancia de case seis meses na capital, continúa xirando por toda España.

destaca o teu traballo é pola capacidade para atraer público aos espectáculos. Que é e como se crean audiencias?

Hai dúas partes en todo este proceso, unha parte de crear audiencia sen querer, sen ser consciente, sen buscala, sen que sexa o obxectivo inicial. É como cando empezas, eu sempre digo que non busquei ser artista, que foi a profesión que me escolleu a min. Comecei a xogar a este xogo, gustoume e tiven a sorte de que o que faciamos tamén gustaba, desde o primeiro momento, e non só o pasaba ben, senón que me pagaban por facelo. Esa primeira época, sen querelo, foi un xerador de masas e audiencia inconsciente ao ter éxito o que facía. No momento en que es consciente de que as cousas que constrúes neste oficio gustan, teñen éxito, chega o medo a perder ao público. Decátaste de que esta é a túa profesión, á que lle vas dedicar o teu tempo e a túa vida, e que é moi fácil que che esqueza para quen traballas. Traballas para ti, para a túa satisfacción persoal e económica, pero chegados ao punto no que é un oficio que dá para vivir, que

«HAI MÁIS MARXE DE XESTIÓN PROPIA DO DESFRUTE NO TEATRO.»

Falamos con el sobre esta capacidade de crear audiencias, a súa visión das artes escénicas e da vida en xeral, porque falando con el é difícil separar o seu traballo da súa vida.

Unha das cousas polas que

é a túa ocupación, non hai que esquecer que nós traballamos para o público. Cada un escolle o seu camiño e o seu público, pero eu non quero botar a ninguén. A miña maneira de traballar é intentar chegar sempre á maior cantidade de público posible.



FOTO AIGI BOGA

Por iso vexo esas dúas etapas, cando es consciente e cando es inconsciente, que é, penso eu, a única maneira de creala. Se te propós desde o principio facer algo, sumar un máis un e crear público, iso case nunca sucede, nin hai fórmulas máxicas para saber o que vai funcionar. Co tempo si que vas tendo intuición e vas vendo o que gusta ou non. Ao final é unha profesión de entreter á xente, de emocionala. E iso é o que hai que buscar realmente.

Cando creas contidos no teatro ou no audiovisual, estás adaptándote aos gustos da xente ou é a xente a que adapta os gustos ao que ti propós?

Creo, non estou seguro, que nós temos máis liberdade para crear

no teatro. No teatro facemos máis o que nos apetece facer. Non quero mentir tampouco, eu fago o que me gusta, non é que busque o que lle guste á xente e que aínda que non me guste nada fágao igual. Non é iso, para nada. Eu fago o que me gusta, fago o que me fai rir a min. Na televisión sempre hai xente decidindo por riba do que ti produces, que che pon valos, problemas e nunca hai unha liberdade absoluta. Non a hai. Ás veces inténtase xustificar contido con que “non lle gusta ao noso público”, “o noso público non o entende” e é un pouco aburrido. Moitas veces, onde están as cousas que funcionan é nos sitios nos que non se estivo antes, aí é onde están os éxitos.

E ti como público, que buscas

no teatro? Que te chama nunha obra para ir vela?

Eu son un espectador pésimo agora, e cada vez máis. Como nos dedicamos a producir... Eu recuerdo sempre á miña bisavoa, que era costureira, e cando viña da misa, ou da festa, ou de calquera sitio que houbera máis persoas, no que se fixaba era en como estaban feitos os vestidos. Eu cando vou ao teatro, estou intentando disfrutar, pero estoume fixando na luz, en como se empregan os elementos escénicos... tamén nos compañeiros, claro. Pero cústame moito traballo ver a historia, gozala, non estar pendente de que un actor non foi ao foco, que a iluminación fallou... con dicir que cando estou enriba do escenario non estou só ao que teño que facer co

meu personaxe senón que estou mirando que unha porta quedou a medio pechar, que non entrou a tempo un foco, que a luz non é a correcta... É difícil. Fóra disto, gústame moito ver cousas no escenario que non tivera visto antes, gústame moito rir. Aínda fai pouco que fun ver o novo espectáculo de Mofa e Befá, que fan trinta anos, e sigo escuchando con eles, sigo pasándoo moi ben. Pero desfrutar con montaxes que me sorprendan pola escenografía ou a aposta escénica, é do que máis me gusta cando son público.

Pode ser esa a gran forza do teatro? Que estea menos marcado o que se vai atopar o espectador que en producións audiovisuais? Esa liberdade de crear espazos?

Non estou certo, pero ao mellor no audiovisual desfruto máis co guión, coas historias. O teatro desfruto máis como espectáculo total, porque o plano, falo ti. No cine, na televisión, o director, o montador estanche dando os puntos de vista, pero no teatro ti fíxaste no que queres. Ti podes facer un plano xeral, centrarte máis nun actor... Hai esa diferenza, bastante substancial, á hora de gozar dunha historia. Hai máis marxe de xestión propia do desfrute no teatro.

Que pasa coa comedia que sempre parece que ten menos mérito ou é menos “importante” á hora de valorar un espectáculo?

Iso é algo que foi de sempre neste país, e penso que en todos. Non lle van dar un Oscar a Adam



FOTO YERAY DIÉGUEZ

Sandler, por exemplo. É o tipo que máis espectadores ten, produce, escribe... Non sei por que será, igual por repartir éxitos: ti gañas o público e ti gañas os premios. A comedia, sobre todo se está ben feita, ten un retorno económico maior e o drama ten un retorno de prestixio. Entre a profesión e tamén entre o público, se es un actor dramático, mirante con outros ollos, se es un cómico, es un pallaso. Na escala de onde poñer cada xénero, posiblemente a comedia estea no máis baixo. Aínda así, eu creo que é moitísimo máis difícil facer comedia que facer

drama. Podemos chorar por mil cousas, se queren facerche feliz é moito máis difícil. É algo que hai que asumir que non vai cambiar, que os premios non van ir para a comedia. O éxito é que a xente vaia ao teatro ou que che paren pola rúa e che agradezan que os fagas rir, que fagas que a xente se sinta mellor, aínda que sexa por uns momentos. Outra cousa é que tanto para facer rir, como para facer chorar, hai que facelo ben. Facer ben un drama é moi difícil, pero facer ben unha comedia é mil veces máis difícil. E eu fago tamén outros papeis, sobre todo ultimamente, máis

centrado no drama, en *Fariña* (a adaptación televisiva), El desorden que dejas. Pero se tivera que escoller, escollería facer comedia sempre.

Igual tamén é máis fácil valorar se está ben ou mal a comedia, porque tes a referencia da risa.

«O INDICADOR NO TEATRO É INSTANTÁNEO, SE A XENTE NON RI, NON HAI COMEDIA. POR MOITO QUE TI TE EMPEÑES EN CHAMARLLE ASÍ»

Exacto, se non ris non hai comedia. Non vale dicir “escribín unha obra cómica” e logo vas ao teatro e non ri ninguén. Entón estás equivocado, pensas que estás facendo comedia e non é así. O indicador no teatro é instantáneo, se a xente non ri, non hai comedia. Por moito que ti te empeñes en chamarlle así. Volvemos ao mesmo, unha cousa é facelo e logo está o facelo ben.

E despois tamén atopamos casos como o da adaptación teatral de *Fariña*, que ten moita comedia, pero tamén ten moito drama. A xente ri moito pero chega un punto no que a risa desaparece. Como se manexa iso desde o escenario?

Pois a verdade é que é unha satisfacción, pero xa non como actor, porque é o deseño de todo o espectáculo, dun camiño, dunha historia na que os que creamos temos que conducir ao espectador por onde queres que vaia. Aínda que fagas comedia, tes que saber onde fas un

descanso, nun caso como o de *Fariña*, onde hai tanto drama, tivo que haber moita comedia, pero xa na historia. Porque había moitos cartos e o diñeiro, de entrada, dá alegría. O que pasa é que todo ese diñeiro, toda esa droga, toda a festa rebenta e acaba sendo, e segue sendo,

un drama. Como actor isto desfrútaloo moito cando non estás en escena, desde atrás escoitas as risas nas partes dos demais, que a xente aplaude, berra, e pensas: espera, espera, xa verás cando veña a hostia, xa verás que risa. Como actor faiche graza que a xente está entrando e que está indo por onde ti lle estás marcando o camiño, sabendo que corren coma tolos cara o precipicio, pero eles non o saben. Por poñer un exemplo é como a broma de abrir a porta e poñer un caldeiro de auga, ti sabes que

está o caldeiro e xa ris antes de que pase, cando sabes algo, a felicidade vén porque sabes que está saíndo todo como tiñas pensado. E *Fariña* ten iso, esa subida e baixada e iso é mérito de quen o diseña, de Tito (Asorey), da dramaturxia de Prieto, e cando ves que o plan sae ben, pois é a máxima felicidade.

Algunha vez pensaches que *Fariña* podía chegar a onde está chegando e que tería o éxito que ten, non só en Galicia, senón fóra, onde non hai unha relación directa coa historia?

Non sei se quedarei de pretencioso, pero eu sabía. Sabía desde o momento que lle propuxen a Nacho Carretero facer isto, levar *Fariña* ao teatro, sabendo que estaba traballando con Tito, con Prieto... agora podería dicir que foi unha sorpresa, pero non. Eu sabía. Non ata onde chegaría o éxito igual, porque estar seis meses en Madrid, agora saír e xirar por trinta e pico localidades



FOTO AIGI BOGA



FOTO AIGI BOGA

por toda España... iso non o fixeramos nunca, foi un éxito enorme. Foi un éxito tamén en Galicia e volverá ser un éxito na primavera. Eu creo niso desde o principio porque traballo cun equipo que sei que imos facer as cousas ben. Pódeste equivocarse en cousas pero a intuición desde o principio en proxectos como este ou como *Somos Criminais*, si que che di que vai ser un éxito, o límite é verdade que non o sei, ata onde vai chegar. Pero que vai funcionar, que vai estar ben si o teño claro. Tamén porque, como dixen antes, non perdemos nunca de vista que traballamos para o público. Coa experiencia sabes máis ou menos que cousas podes dar para que disfruten unha hora e media. O público que vén

ver todos os teus espectáculos pode dicirte que lle gustou máis *Fariña* ou *Unha Noite na Praia* ou *Somos Criminais*... pero todos pásano ben durante o tempo que están no teatro. E eu teño clarísimo que a primeira finalidade do que facemos ten que ser esa. Despois tamén é verdade que nunca gardamos nada á hora de facer un espectáculo. Poderíamos aforrar cousas, facelo doutra maneira, pero se pensamos que ten que ser dunha maneira, facémolo así. Igual parece prepotente, pero de verdade penso que cada vez que empezamos algo, vai ser un éxito. Un día levarei unha hostia, pero ata o de agora, case todo o que fixemos foron éxitos. Porque

xa só ser capaces de vivir de facer o que nos gusta é un éxito tremendo.

No caso de *Fariña* estase chegando a públicos novos.

Fariña foi abrindo camiños. É certo que viña xa dun libro e unha serie de TV de éxito, polo que xa sabíamos que tiña percorrido fóra de Galicia e pensouse como unha obra que se puidera mover. Creo que sabíamos que se podía facer unha xira de rede como a que estamos facendo agora por toda España, para min o que foi un plus foi estar en Matadero vinte días, que fora un éxito no momento máis complicado da pandemia, que viñeran produtores comerciais dos máis importantes ofrecernos

estar nos seus teatros cinco, seis meses. Iso tamén é un éxito, é unha medallina persoal que te pos, pero é un éxito distinto ao que tomas de todo o proxecto, é algo a maiores.

Somos Criminais tivo moita repercusión en Galicia, pero como explicaríamos a alguén que non é galego que é Somos Criminais?

Somos Criminais nace de que se xuntan dúas das persoas que máis entradas vendían facendo espectáculos de comedia. Para min Carlos Blanco é o maior expoñente da comedia en directo en Galicia, hai outros que poden ser mestres, que puideron ir primeiro... pero todos os anos que botou Carlos facendo comedia co éxito de público, de xente que seguía o que facía, que coñecía o seu traballo... Carlos é o gran referente e poder traballar con el e xuntar aos nosos públicos xa era algo moi importante, pero para min o máis grande foi poder traballar con el. E tan ben foi que estamos repetindo.

«PARA MIN CARLOS BLANCO É O MAIOR EXPOÑENTE DA COMEDIA EN DIRECTO EN GALICIA»

Somos Criminais 3 ademais de pola broma de segundas partes nunca foron boas, realmente é o terceiro espectáculo que facemos, porque fixemos *Somos Criminais*, logo *Unha Noite na Praia*, que era un texto máis teatral, e volvemos con *Somos Criminais 3* que é unha mestura de stand up,

espectáculo de comedia e teatro de sketches. Xa de por si este tipo de espectáculos teñen unha gran aceptación polo público, no que se converteu *Somos Criminais* foi algo enorme, vendendo máis de 50.000 entradas, nunca se chegara a esas cifras en Galicia. Aínda que sexa algo que non se aprecie ás veces nalgúns sectores, incluso dentro do propio medio teatral, ou que non se valore para premios ou esas cousas, penso que o que fixemos foi algo moi importante.

Así como a intuición dicíache que *Fariña* funcionaría fóra, *Somos Criminais* é exportable a lugares que non manexan os mesmo códigos?

Penso que máis que exportable, sería adaptable. *Somos Criminais* é un tema moi galego, sobre todo no contido, máis que *Fariña*. O narcotráfico logo salpicou a todos lados, o tema da droga é algo que está vixente, pero isto baséase nas cousas que a nós nos fan graza, no xeito galego de facer humor se é que hai un xeito

galego de facer humor, no uso da retranca, dos xeitos e maneira de como os galegos podemos facer comedia enriba dun escenario, pero tamén do humor de reunións en bares e festas. Ten moito de identidade e de cousas que só creo que se entenderían en Galicia.

Non sei ata que punto lle interesaría a unha persoa de Murcia como somos os galegos, porque é facer un repaso polos nosos xeitos, manías pola maneira que temos de ser criminais, por como facemos uso dos materiais que temos nas nosas casas... Non sei se é exportable, pero podería facerse un *Somos Criminales* español, con cousas típicas dos andaluces, dos murcianos, dos vascos... é unha liña que se podería marcar se quixeramos saír de aquí con el. E creo que sería un espectáculo moi divertido tamén.

Fixeches teatro, televisión, cine, produces, escribes, actúas... Hai algunha cousa que non fixeras que teñas moitas ganas de facer?

Un montón de cousas supoño. Quédame moito por facer, sobre todo como actor, aínda que teño a sorte que ultimamente vou facendo cousas noutros rexistros diferentes. Teño ganas de que me sigan invitando a facer cousas diferentes das que fixen.

Tamén teño moitísimas ganas de facer *Nena*, unha curta que imos producir. Que non é que teña moitas ansias de dirixir, quero xogar a iso, rodearme de xente que saiba moitísimo e intentar gozalo. Tomalo como tomo as cousas cando traballo de actor, como un xogo, pero teño moitas ganas de ser o que toma a decisión última de todo. De ter a responsabilidade que ten o director, que aínda que antes falabamos que no audiovisual tes menos liberdades, neste proxecto, que é unha curta, vou

facer o que me dea a gana, o que me apeteza. Quero probarme aí, a ver que pasa. Teño moitas ganas.

Dá máis liberdade unha curta que outros formatos audiovisuais?

Entendo que depende de quen produza. Se es capaz de autoproducir, como é o caso noso, se non tes alguén que marque o que podes ou non dicir ou facer, penso que tes moitísimas máis liberdades. E hai que telas, é o lugar, porque se logo tes que facer unha peli, seguro que hai moitísimos máis condicionantes, problemas e voces que opinan... e moitas máis dificultades para conseguir o que queres facer. Se acertas acertas ti e se te enganas engánaste ti.

Que nos conta *Nena*?

É un drama cómico ou unha comedia dramática. Eu quero que sexa cómico aínda que se les o guión parece un drama grande. Conta sobre todo que a ausencia de alguén pode cambiar a vida de todos, ou as dinámicas. Que moitas veces na vida hai a quen lle toca coidar a xente cando o lóxico non sería que esa xente coidase senón que fora coidada. Conta tamén a sorte que temos de ter cuidadores que non correspondería ter. Aínda que é a historia dunha nena eu penso que ten moito de mamá, do que nos dá unha nai, aínda que neste caso non está. E todo isto, con comedia (ri). Eu gusto moito da comedia que fai rir e logo aprétache o corazón. Imos intentar levalo por aí.

De nais e pais tamén falas en *Aquí Tou*, o teu último monólogo. Como chegas a facer un espectáculo de comedia sobre ti mesmo?

Parte dunha premisa básica da comedia: rir de ti para poder rir de calquera cousa. Se teño que contar unha historia, a que mellor coñezo é a miña. É verdade que hai cousas que se contan en *Aquí tou* que non son verdade e outras que non son certas, como digo eu. Tamén hai cousas que son verdade e fotografías que aparecen que son os meus pais, a miña familia. Xógase desde aí, poder rir de ti, do teu entorno... de cousas que ao mellor escandalizaban, que pasaban tamén noutras familias... iso é fantástico, e de aí sae *Aquí tou*. É ir dando saltos por distintos pasos da vida intentando facer rir, facer humor con todo.

Xa para rematar, que é *Catro Gatos*?

Non sei moi ben o que é, non sei se ten nome iso. É un formato de tele, para Televisión de Galicia, que mestura o faladoiro cómico con sketches de humor. Son episodios de 25 minutos para todos os públicos, igual non para nenos pero non habería tampouco ningún problema en que o visen nenos. Haberá personaxes que lles gusten, aínda que está pensado para adultos. Son catro amigos que se xuntan para falar e botar unhas risas e no medio desas conversas van arrancando ficcións cómicas que teñen a ver co que eles están falando na mesa.

A chave de todo é tomalo con humor?

Sempre. Creo que iso é básico. Na miña bio de Twitter pon: "Rir para vivir" e dígoo en serio. Penso que para todos pero eu, na miña profesión, cheguei á conclusión de que todo hai que tomalo con humor e non darlle tanta importancia ás cousas, nin aos éxitos nin aos fracasos. Eu ao longo da miña carreira tamén tiveron momentos que non o pasei nada ben, que non desfrutei e non paga a pena. As mellores cousas sempre me viñeron

«AS MELLORES COUSAS SEMPRE ME VIÑERON PASÁNDOO BEN, ESTANDO CON AMIGOS, ESTANDO XOGANDO E POR ISO ESA É A MIÑA FILOSOFÍA DE VIDA E DE TRABALLO»



FA RI NA

**Unha viaxe
que semella
non parar**

POR SAÚL RIVAS



FOTO AIGI BOGA

No ano 2015, Nacho Carretero publica un libro sobre o narcotráfico en Galicia nunha pequena editora madrileña especializada na non ficción, Libros del K.O. Aí comeza a impresionante e incansable viaxe de *Fariña*, o espectáculo teatral.



tráfico ilegal de drogas é un tema sobre o que, en Galicia, parece que se sabe moito e non é de todo así. O contrabando e posteriormente o narcotráfico son asuntos que están no imaxinario colectivo, pero que o paso do tempo vai deixando en segundo plano. O libro ten unha enorme aceptación, vendendo 30.000 exemplares antes de ser secuestrado por orde xudicial, convertido logo en serie de televisión cun enorme éxito e traducido a varios idiomas. Pero ao igual que a “fariña” sobre a que trata o texto, o fenómeno *Fariña* continúa transformándose e viaxando.

Esta nova viaxe comeza en Madrid, onde dous galegos, Nacho Carretero e Xosé A. Touriñán, quedan para cear no restaurante Lúa. Coñecéranse meses atrás na rodaxe da versión audiovisual do libro (Bambú, 2018) e logo desa experiencia, Touriñán pensa que unha versión teatral de *Fariña* pode funcionar e coméntallo ao autor do libro no medio da cea, «coméntamo, penso que sen moita convicción, como soltando a proposta», afirma Nacho Carretero, quen non dubidou que a obra podía ter moito percorrido.

Para Carretero, que non tiña relación previa co teatro, a adaptación á linguaxe teatral do seu relato xornalístico seméllalle un traballo «mastodóntico» ao



tempo que reconece que o texto que preparou **José L. Prieto** «recolle perfectamente o que eu tiña na cabeza». O teatro como ferramenta narrativa é algo ao que o reporteiro coruñés nos se enfrontara antes, pero ten claro que «cando queres dedicarte a narrar, a contar historias, tes que ser o máis flexible e aberto posible e estar aberto a todo tipo de canles de información».

Outra peza importante na creación do espectáculo teatral é **Tito Asorey**. O director ourensán, que tamén participara na versión audiovisual como actor, entendeu perfectamente a idea que tiñan na cabeza Touriñán e Carretero e aplicou o seu vasto coñecemento e oficio para compoñer unha obra que desde a súa estrea non parou de medrar.

Estreada en 2019, *Fariña* chegou a 20.000 espectadores en Galicia antes de que a pandemia da Covid-19 paralizase as representacións. En setembro de 2020, chega a Madrid dentro da programación de Matadero, onde

xera unha grande expectación e moi boa crítica de público. Cos teatros pechados en Galicia, a obra consegue estar case seis meses en cartel no teatro Alcázar, no corazón de Madrid. Á súa marcha da capital, máis de 40.000 espectadores asistirían as representacións.

«CANDO QUERES DEDICARTE A NARRAR, A CONTAR HISTORIAS, TES QUE SER O MÁIS FLEXIBLE E ABERTO POSIBLE»

Neste curso 21-22, *Fariña* inicia unha nova etapa, cun elenco formado por **Sergio Zearreta**, **César Goldi**, **Marta Lado**, **Oswaldo Digón** e **Graciela Carlos**, en agosto comeza en Xixón unha xira que a levará por toda España. Máis de 30 localidades acollerán as representacións dunha obra singular, que leva un pedazo moi escuro da nosa historia á actualidade a través do humor e a investigación xornalística.

Fariña é unha obra intensa, un «golpe de realidade» que non deixa ao espectador acomodarse na butaca, unha mestura de «festa, drogas, dor... e rock&roll». Unha viaxe no tempo que leva ao espectador á reflexión ao salir do teatro, feito que para o seu director «xustifica todo o traballo feito».

Proba do ritmo da obra, e da potencia que lle imprimen os intérpretes, é que durante a función no Teatro Romea de Murcia, durante un solo de batería de Graciela, varias pezas soltáronse e acabaron polo chan, chegando a caer da estrutura que soporta o instrumento, a sensación entre o público foi a de que iso formaba parte da escena.

CINCO DÍAS INTENSOS

O comezo do outono foi especialmente intenso para *Fariña*. O 29 de setembro comezou a semana máis intensa da xira, con cinco funcións en cinco días. O Teatro Bergidum de Ponferrada acolleu a primeira das funcións. Alí chegou o equipo de *Fariña* para montar a escenografía e o control técnico, operación que, xunto coa súa desmontaxe, realizaría 5 veces en cinco días.

Fariña é un espectáculo que require unha montaxe precisa, xa que a estrutura ocupa gran parte do escenario, vai acompañado dun sistema de proxección e os instrumentos que empregan os actores durante o espectáculo, entre eles, unha batería completa.

Os actores, lonxe de reservar forzas, baleiráronse en cada función, deixándoo todo en cada teatro e sen reservar para a seguinte parada. Porque estes días foron «quilómetros, risas, nervios, emoción e moitas ganas de contar ben esta historia». Este ritmo tan alto veu tamén pola resposta do público, que encheu non só o Bergidum senón tamén o Principal de Palencia, o Apolo de Miranda de Ebro, o Francisco Rabal de Pinto e o Auditorio de Medina del Campo.

Logo de tan esixente semana, xuntouse a emoción por ter superado con nota unha proba tan dura ao inicio dunha xira extensa, co cansanzo lóxico. Resúmese ben nunha anécdota que aconteceu en Palencia, cando César Goldi animou ao público para que se sumase á festa que acontecía no escenario ao grito de «Vamos, Pamplencia!».

A VOLTA Á CASA

Coa primavera, Fariña volverá a Galicia. A nova xira por Galicia, traerá de volta a Galicia e ao galego esta historia tan nosa e ao tempo tan universal. Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Lugo, Ourense, Vigo, Ferrol e Cangas son as paradas confirmadas ata o momento. O 12 de marzo, comezará esta nova etapa da viaxe no Auditorio de Galicia, para seguir desfrutando deste espectáculo e poñendo de actualidade un problema que non acabou. «Non se debe esquecer o que non terminou».



FOTO AIGI BOGA



FOTO AIGI BOGA



FOTO AIGI BOGA



Meses antes da estrea de *Fariña*, o espectáculo teatral, o director da obra, Tito Asorey, propuxo acudir ao Centro Dramático Nacional en Madrid a ver a obra *Shock (El Cóndor y El Puma)*. A función coincidía xusto cun partido do Dépor, así que houbo incendiado debate sobre o particular, pero finalmente cedemos. Alá fomos Tito, Xosé Luís Prieto -o dramaturgo encargado de adaptar o texto de *Fariña*-, Xosé Antonio Touriñán e mais eu. A obra encádrase no chamado teatro documental e relata o golpe de estado en Chile que levou ao poder a Pinochet e os fíos que por detrás moveu Estados Unidos na Operación Cóndor. A experiencia, a pesar de perderme o partido do Dépor, marcóume dun xeito profundo.

Non tanto polo contido da historia, que en gran parte xa coñecía, se non pola revelación do teatro como ferramenta documental, case xornalística. O meu coñecemento teatral é, confeso, demasiado escaso. E aínda menos familiarizado estaba co espazo no que xornalismo e escenario poden darse a man. Quedoume claro que o teatro podía ser un formato perfecto para facer chegar as historias aínda máis lonxe.

Tempo atrás Touriñán propuxérame adaptar *Fariña* ao teatro. A miña resposta foi entusiasta,

pero descoñecía como poderíamos facer algo así. Ver *Shock* no Centro Dramático Nacional disípuome todas as dúbidas. Non só era posible, é que era necesario.

Puxemos o texto en mans de Xosé Luís Prieto e bastou a primeira lectura para entender o acerto. *Fariña* supón un capítulo da nosa historia, un anaco da realidade galega das últimas décadas. Cómpre, polo tanto, contalo. E de cantos máis xeitos, mellor.

O teatro revelou-se para min como un formato idóneo. Unha mestura de xornalismo, documental, cultura e entretemento. Un xeito de facer chegar a nosa historia a moita máis xente. Neste caso, una forma perfecta para derribar o tabú no narcotráfico e convertelo en cultura popular e folclore.

Fai tempo que o xornalismo sabe que ten que adaptarse. Explorar formatos, collerse da man con outros mundos e flexibilizar as súas formas ao máximo. Sen dúbida, o teatro é peza esencial neste proceso. *Fariña*, cremos, é un exemplo perfecto. Quen sabe, igual produce nalgún xornalista o mesmo efecto que, tempo atrás, producíume a min *Shock*.

**Siri:
Que son as
vacas
A2A2?**



Deleite
**O mellor
leite
posible**





FARIÑA

A adaptación dunha adaptación

POR JOSÉ L. PRIETO

Contámoslle a nosa vida aos demais. Contamos onde estivemos de viaxe, contamos historias da nosa infancia, contamos anécdotas do traballo, contamos problemas cos veciños ou contamos noites inesquecibles. Dedicamos gran parte da nosa comunicación a contar o que nos pasou, porque contar ordena a nosa existencia. A vida é un continuo ir cara adiante, unha sucesión de acontecementos encadeados que transcorren sen pausa dende que nacemos ata que deixamos de vivir. Contar o que nos pasou é coller un anaco desa existencia e darlle forma, orde e sentido.

E para contar seleccionamos as partes que nos parecen máis significativas, subliñamos aquilo que consideramos primordial e dámoslle o ton que expresa o noso punto de vista sobre o feito contado. Cada vez que contamos algo estamos

facendo unha adaptación do que aconteceu na realidade.

En Galicia sucederon durante anos unha serie de feitos relacionados co contrabando e co narcotráfico. No libro *Fariña*, Nacho Carretero adaptou eses feitos, é dicir, dotounos de forma, orde e sentido, e máis tarde eu, o abaixo asinante, para facer a versión teatral do mesmo nome, adaptei a súa adaptación.

E se un espectador da versión teatral de *Fariña*, por esa necesidade que temos de contar, cóntalle o espectáculo a alguén que non o viu...?

Efectivamente, está adaptando a adaptación dunha adaptación.

Se ao final todos somos adaptadores.♦







Facer que veñan para que queiran voltar

POR TITO ASOREY



FOTO AIGI BOGA



FOTO AIGI BOGA



s que facemos teatro sabemos o que nos provoca este oficio. Se somos intérpretes, sabemos que a sensación de presente absoluto que nos provoca actuar é unha droga poderosísima que nos fai sentir plenamente felices. Se somos dramaturgos/as, gozamos coa feito de que as pantasma que habitan o noso máxín cobren vida personalizándose no escenario. Se somos directores/as, sentimos un enorme goce en mesturarnos co público nunha función e comprobar como este reacciona ao universo que creamos para eles. Todos os que nos dedicamos a isto sabemos que o teatro é unha fonte inesgotable de felicidade, e coñecemos o seu valor como fornecedor dunha sociedade máis humana, máis consciente de si mesma e menos vulnerable á alienación. Pero ás veces, os que facemos teatro non

chegamos a acadar a maneira de transmitir a nosa paixón a unha sociedade que en moitos casos non chega nin sequera a saber se o teatro lles gusta ou non, porque nin sequera o teñen como unha opción de ocio. Son ese “non público” que se non acode ás salas non é porque non lles guste o teatro, senón porque nin sequera tiveron a oportunidade de saber se lle gusta ou non. Ese “non público” que é necesario que teña a oportunidade de achegarse un día ao teatro e gozar da experiencia.

Sabemos que ese público está aí fóra e Touriñán coñece a maneira de achegarse a eles, de facer que saiban que tal día a tal hora, hai un espectáculo ao que poden acudir. Un espectáculo que os convida a apagar a plataforma dixital, a saír de casa, a pagar unha entrada e a sentar nun local xunto a centos de persoas

máis para ter unha experiencia conxunta, comunal, vecinal, humana.

Levo máis de vinte anos facendo teatro e creando espectáculos de todo tipo, e agradezo a Ainé a oportunidade que me deron de traballar en espectáculos que congregan tanta xente, porque penso que isto non só é bo para nós, senón para o teatro en xeral. Porque moita xente que veña ver *Somos Criminais*, ou *Fariña*, ou tantos outros espectáculos que forman o catálogo desta produtora, volverán apagar a súa plataforma dixital, saír de casa, pagar unha entrada e sentar nun local xunto a centos de persoas para ver outras propostas de todo tipo.

Coidemos o noso público para que veña, pero sobre todo, para que queira voltar. •



As moitas vidas de María Casares Galega universal

POR SAÚL RIVAS

No 2022 conmemórase o 100º aniversario do nacemento de **María Casares**. O ano Casares traerá de volta aos teatros, ao audiovisual e aos estudos académicos a unha figura imprescindible do teatro non sempre coñecida na súa terra.

En novembro do 1922, María Casares nacía nunha Coruña moi diferente á que podemos ver hoxe. Filla de Santiago Casares Quiroga, ministro da República, sufriu o exilio cando en España se alzou o exército contra a orde democrática. A súa familia marchou a París, cidade na que ela chegará a se converter na actriz máis aclamada de Francia durante décadas. María Casares non regresará a España ata a morte do ditador, e nunca volverá a Galicia. A pesar diso, sempre conservou un recordo imperecedeiro dela, así como un acento galego que nunca a abandonou.

María Casares é unha figura esencial para a cultura francesa contemporánea pero en Galicia, a pesar de que os premios de teatro galego levan o seu nome desde hai anos, trátase dunha

figura descoñecida polo gran público. Quizais poida soar o seu nome, pero desde logo pouco se sabe da importancia que ten máis alá das nosas fronteiras. En palabras de **Melania Cruz** «unha muller loitadora, de fortes principios políticos, que viviu con intensidade e xenerosidade tratando de ser fiel a si mesma e, ao mesmo tempo, e contraditoriamente, unha personalidade inabarcable e imposible de definir».

Este descoñecemento da figura de Casares é un dos principais motivos polos que **Tito Asorey** e **Melania Cruz**, xunto coa dramaturga uruguaia **Marianella Morena** poñen en marcha o espectáculo *Continente María*. Un espectáculo que «nace da necesidade de investigar arredor unha figura tan significativa como enigmática e pola curiosidade de explorar máis alá da figura pública



que trascende ás publicacións, arquivos sonoros e audiovisuais que se conservan dela».

Nas súas propias palabras, pretenden «realizar un achegamento escénico á súa figura, á vez que unha indagación na súa vida e as súas circunstancias pero non para crear unha biografía escénica de Casares -algo que xa se fixo nos escenarios galegos-, senón para, a través do diálogo entre unha actriz do presente e a figura poderosa e triunfal de Casares, observar os paralelismos e diferenzas entre as súas circunstancias e as nosas, entre as súas vivencias nesa Francia do XX e a España que nos tocou vivir».

A obra, presenta a María Casares como un continente por descubrir, establecendo unha cartografía emocional en base ás súas vivencias,

pensamentos e recordos. Formulado como un diálogo entre o presente e o pasado a través do desdoblamento de María Casares en Melania Cruz, actriz do século XXI, que neste 2022, achegárase a través de diferentes obxectos e pistas que nos deixou María Casares. «Nós só pretendemos achegarnos dende nós mesmas a aqueles aspectos

«PRETENDEMOS ACHEGARMOS DENDE NÓS MESMAS A AQUELES ASPECTOS QUE ESTAMOS DESCUBRINDO E COS QUE CONECTAMOS»

que estamos descubriendo e cos que conectamos a través dun proceso de documentación e experimentación que nos vai levando a lugares inesperados».

De fondo, o seu legado maior, o escénico. Unha presenza constante en escena do propio feito teatral, que motiva a

pescuda no traballo e na vida de Casares que conforma esta produción.

Neste diálogo, as dúas mulleres conversarán a través dos tempos, sen importar as dificultades. O teatro, continente que habitou María Casares toda a súa vida, fai que todo sexa posible.

O legado de María Casares e a súa figura son unha obsesión recorrente para as creadoras desta montaxe, que levan anos estudando os textos escritos sobre a actriz e tamén os que deixou ela mesma, na súa autobiografía ou en conversas con terceiros. A súa pegada neles é moi profunda, a propia Melania



recoñece que en ocasións fai súas as palabras de Pierre Alcover sobre Casares: «Se non fago teatro, vou afogar».


Marianella Morena, dramaturga uruguaia, será a encargada de conformar este diálogo. Na súa opinión, «era outro o contexto no que viviu María, pero o sufrimento que nos deixa este mundo dado volta corróenos. Imos por Casares, para tinxir de forza os escenarios». O encontro da creadora uruguaia con Melania e Tito prodúcese nun contexto de illamento, provocado pola irrupción da Covid-19 nas nosas

vidas. Neses meses, aproveitan para conversar, expoñer as súas visións sobre Casares e poñer por fin en marcha un proxecto no que levaban anos tecendo.

No escenario deste *Continente María*, Melania Cruz estará acompañada polo multinstrumentista bielorruso **Vadim Yukhnevich**. Tito asorey será o encargado da dirección deste espectáculo que chegará aos teatros galegos na primeira metade do 2022 e que formará parte da programación especial deseñada para a conmemoración do Ano Casares. •

MENTES CRIMINAIS

POR SUSO TOXEIRA



Logo de romper récords con *Somos Criminais*, Carlos Blanco e Xosé Touriñán xuntan outra vez as súas mentes especialmente privilexiadas para a comedia e súbense aos escenarios cun espectáculo totalmente novo no que os dous cómicos teorizan sobre o concepto de criminal que temos en Galicia, desta volta desde un ángulo completamente diferente. O seu único crime será, unha vez máis, matarnos á risa.



Os galegos temos unha maneira de ser, de entender e de facer diferente. Nin mellor nin peor. Simplemente diferente. *Galicia is different*. E iso sábeno ben Carlos Blanco e Xosé Touriñán. No 2018 estes dous artistas galegos co-crearon, xunto a **José L. Prieto**, o que aínda hoxe é o espectáculo teatral

Que pasaría se o quencemento global convertise a Galicia nunha potencia mundial exportadora de auga? Estamos seguros de que non foi unha muller galega a primeira persoa en chegar á Antártida para coller o mellor sitio para vender grelos? Como de certos son todos os tópicos que hai sobre nós? Estas son algunhas das cuestións que os actores

moi reducida, neste outono chegan coa ilusión de recuperar as sensacións dos espectáculos en directo. «Xa que desde o outro lado nos seguen mandando ondas, que xa falan da sexta, nós contra iso só podemos mandar ondas vitais, coma Son Goku; ondas de vida, de risa, de gargalladas» explica Touri.

«QUIXEMOS DISTANCIARNOS DA IDEA DO ESPECTÁCULO INICIAL E EXPLORAR A ACEPCIÓN CRIMINAL DESDE OUTRO LUGAR»

que máis entradas vendeu na historia da comunidade. Máis de 60.000 persoas gozaron da obra nunha xira que percorreu Galicia de norte a sur e de este a oeste visitando os teatros e salas dun total de 20 vilas e cidades. Un éxito sen precedentes para unha obra igualmente orixinal.

Ante esa situación, non quedaba máis remedio que voltar aos escenarios cunha segunda parte, aínda que neste caso, porque segundas partes nunca foron boas, decidiron pegar un pequeno salto metafórico ata *Somos Criminales 3*. «Á xente estálle costando entender que *Somos Criminales 3* é unha segunda parte, non é o mesmo espectáculo que *Somos Criminales*» afirma Touriñán. «Como lle explicas á xente que *Somos Criminales 3* é a segunda parte de *Somos Criminales 1*?» pregúntase, con razón, Carlos Blanco. Pero o certo é que este novo espectáculo xa é criminal mesmo desde o título. Humor desde antes da función.

explorarán enriba do escenario, con moito humor, por suposto, e tamén con moita retranscrición galega. E é que en *Somos Criminales 3* Carlos Blanco e Xosé Touriñán analizan Galicia e os seus habitantes para intentar definir como somos, e para intentar descubrir por que somos como somos. «Quixemos distanciarnos da idea do espectáculo inicial e explorar a acepción criminal desde outro lugar» di Blanco; «de feito», engade Touriñán, «neste espectáculo non hai crimes. Hai só características que nos definen aos galegos».

Somos Criminales 3 é un espectáculo completamente novo, mais volve a contar coa garantía artística que da a figura de **Tito Asorey** nos labores de dirección, e coa de José L. Prieto para os textos, nos que tamén participan os dous protagonistas dun *show* que aspira a continuar coa recuperación da normalidade. Logo dun ano cos teatros pechados ou coa súa capacidade

A xira de *Somos Criminales 3* pasará por 12 localidades galegas nos próximos meses co obxectivo de encher os teatros de público e risas. «Todo é novo! Todo o texto é novo, todas as situacións son novas, os traxes, a escenografía, a música, a iluminación... E ademais introducimos máis elementos! Introducimos imaxe, videoocreación... e ata danza!» comenta con excitación Carlos Blanco. Mais Touriñán considera oportuno matizar que «nós somos os mesmos. Pode ser que iso sexa o único que é igual que en *Somos Criminales!*».

A primeira parada de *Somos Criminales 3* será o día 4 de decembro, no Auditorio Municipal da Illa de Arousa. Despois, as funcións continuarán na Coruña, Ourense, Santiago de Compostela, Narón, Vigo, Lugo, Pontevedra, Burela, Vilagarcía de Arousa, Cangas e Ferrol. Así que, cunha xira tan completa, está claro que o verdadeiramente criminal sería deixar pasar a oportunidade de gozala!•

COMEDIA, TRADICIÓN ORAL, CULTURA NO RURAL

POR **ÁLVARO PÉREZ BECERRA**

O *Castelo Conta* xunta cada agosto, nunha aldea a vinte minutos da Coruña, ao mellor da música e a comedia galega e en galego. Un festival que no 2022 quere recuperar o tempo perdido.



FOTO CARLOTA AÑÓN



En **Castelo** todos se coñecen. Non é un recóndito lugar perdido no medio da Galicia interior, pero a vida é a de calquera aldea. Pausada se se quere, de falar e escoitar cando chega a panadeira pola mañá, de camiñar pola marxe do asfalto que tapa as malas herbas, que o concello limpa pola festa.

A festa é, desde hai uns anos, un festival no lugar no que naceu e vive **Xosé Antonio Touriñán**. O actor e cómico máis popular de Galicia é tamén responsable de transformar o xeito no que celebrar as festas da súa parroquia. Das verbenas nas que só se trataba de encher Castelo coas mellores orquestras, cruzando os dedos para que non chovera, a unha semana de programación nas eiras das casas dos veciños, diante da parada do bus, nun alpendre ou camiñando polo monte.

O *Castelo Conta* pon en valor a tradición oral a través da participación das veciñas e veciños en diferentes actividades, entre as que destaca un encontro diario durante toda a semana,

á tarde, no que só se trata de lembrar, de contar e de escoitar. Non importa quen e non importa como: técese a memoria ao longo de dúas ou tres horas.

A cultura con maiúsculas atopa en Castelo un lugar diferente desde o que chegar á xente, que é o rural. As elites só son puro talento, e o son pola súa capacidade de adaptación para deixar os grandes escenarios das cidades e levar a súa arte a un lugar insospeitado. **Xabier Díaz**, **Carlos Blanco**, **Quico Cadaval**, **Cándido Pazó**, **Celso Sanmartín**, **Xacarandaina** e decenas de caras coñecidas da comedia e a música en Galicia xa actuaron en Castelo nos últimos anos.

Ao redor da comedia xiran os pratos fortes dunha semana intensa, na que as actividades percorren os lugares de Xian, Vilaverde, Castelo de Abaixo e Donepedre, Folgueira e Xalo, cos veciños procesionando á aldea do lado sabendo que a programación nunca decepciona.

Unha multitudinaria andaina na que Touriñán e o resto de cómicos acompañan aos

visitantes percorre Castelo o sábado, con paradas nas casas dalgúns veciños para escoitar as contadas dos mellores. E é que os mellores pasaron xa por Castelo, e é a intención que repitan.

Á noite, unha gran gala de comedia despide unha semana da que din, é unha desas festas de verdade. Sen máis intención que a de recuperar todo o mellor co que pasalo ben e entender do que nos trouxo ata aquí.

RECUPERAR O TEMPO PERDIDO

O *Castelo Conta* celebrarase no 2022 do 22 ao 28 de agosto. Desde a asociación cultural que organiza cada ano o festival -a comisión de festas da parroquia- trabállase desde hai meses no deseño dunha programación que busca deixar atrás dous anos de pausa, nos que por mor da pandemia, -por respecto ás veciñas e veciños da parroquia-, decidiuse deixar unha nova edición para cando todo mellorara. •

Catro Gatos



FOTO AIGI BOGA

O pasado verán levouse a cabo a gravación dun novo formato de humor que mestura á perfección o faladoiro cómico cos máis tradicionais *sketchs* humorísticos e que representa o regreso de **Touriñán** á canle pública coa que se deu a coñecer a todas as galegas e galegos.

POR **SUSO TOXEIRA**



FOTO AIGI BOGA

Catro Gatos, que así foi bautizado o programa, é unha nova aventura televisiva protagonizada polas actrices **Fátima Pego** e **Noemi Rodríguez** xunto cos actores **David Perdomo** e **Xosé Touriñán**, e supón o regreso á Televisión de Galicia do cómico de Castelo.

En *Catro Gatos*, esta pequena multitude de humoristas reúne nun bar, como faríamos calquera de nós en tempos pre-pandémicos, para falar da vida, do humano e do divino. Pero como non podería ser doutro xeito, as conversas destes catro artistas do humor decorren sempre en chave de comedia, e fan gala dunha espontaneidade, naturalidade e complicidade que fan sentir ao espectador como o quinto integrante do grupo.

No devir da conversación, cada un dos tertulianos recordará unha anécdota que dará paso aos *sketchs* cómicos, nos que os propios protagonistas interpretan diferentes

personaxes. Situacións alouçadas en clínicas veterinarias, porcos aos que o San Martiño non lles chega rápido abondo ou animais políticos con máis pinta de animal que de político son só algúns exemplos do tipo de *sketch* que podemos agardar de *Catro Gatos*.

Producido por Tex45 Producións para a Televisión de Galicia coa colaboración de Undodez, esta primeira temporada constará de 13 episodios de 25 minutos de duración, cunha realización moi coidada e áxil visualmente, pensada tamén para ser consumida nun entorno multiplataforma.

Dirixido por **Jairo Iglesias** e Xosé A. Touriñán, *Catro Gatos* conta con guións de **José L. Prieto**, **Manuel Cortés**, David Perdomo e o propio Touriñán. Aínda non está fixada a data específica da súa estrea na franxa de *access prime* da primeira canle da TVG, mais será na primavera deste ano 2022 que está a piques de comezar.

UN NOVO PROXECTO DE TOURIÑÁN

Xosé A. Touriñán é un dos cómicos máis recoñecidos do país. Actor, produtor e guionista, comezou a súa carreira na TVG coas Cantareiras de Ardebullo, o dúo que creou xunto a Marcos Pereiro. *Padre Casares*, *Air Galicia*, *Tourilandia*, *Land Rober Tunai Show* e *Era visto!* son algunhas das súas aparicións máis recoñecidas. Nos últimos anos participou en series como *El desorden que dejas*, *Justo antes de Cristo*, *Antes de perder* ou *Fariña* e no teatro en *Unha noite na praia*, *Somos Criminales* e *Fariña*.

Na actualidade está inmerso na preproducción de *Nena*, a súa primeira curta como director, e os seus novos espectáculos *Aquí tou* e *Somos Criminales 3*, xunto ao imprescindible Carlos Blanco, e que ven sendo a segunda parte do espectáculo teatral que máis entradas vendeu na historia en Galicia. •

CIENCIA e BINOMIO HUMOR R PERFECTO

O humor non é unha ciencia exacta, pero si que é un xeito de analizar a realidade e unha das maneiras máis habituais de formular hipóteses. Se ben non se pode usar o método científico para crear humor, empregar a “ciencia” cómica para transmitir e achegar coñecemento científico revelouse como un método moi eficaz.

POR SAÚL RIVAS



A ciencia adoita ser vista como algo que pasa en laboratorios cheos de tubos e máquinas que procesan datos e arrojan datos inintelixibles. Porén, nos últimos tempos comeza a ser habitual ver propostas e formatos que achegan o coñecemento científico á xente a través do humor, e resulta que é unha combinación perfecta. En xeral, todo entra moito mellor con humor, mais se son conceptos complexos, palabras que non estamos afeitos a escoitar ou grandes cantidades de información. Bos exemplos desta máxima son programas de televisión como *Órbita Laika* (La 2) e *Aquelando* (TVG), de radio como *Efervescencia* (Radio Galega) ou os incontables espazos de divulgación que atopamos nas redes que empregan o humor como ferramenta comunicativa principal.

Os contidos divulgativos están acadando moito éxito grazas a esta fórmula. É cada vez máis habitual ver profesionais da investigación científica participar

en espazos televisivos achegando contidos cunha linguaxe próxima e con referencias humorísticas e tamén a proliferación de monólogos cómicos de base científica interpretados polos propios investigadores e investigadoras.

O mesmo punto de partida teñen *Elemental* e *Carbón*, dous espectáculos que mesturan o humor e a divulgación científica, co obxectivo de achegar a ciencia ao público facéndoa máis amigable e comprensible por medio do humor.

Elemental é, en palabras dos seus creadores, un piano-bar periódico. Unha obra de pequeno formato deseñada e interpretada por **Manuel Vicente**, a quen tamén vemos en *Aquelando* e *Efervescencia*, **César Goldi** e o pianista **Juanjo Fernández**. Achégannos mediante cancións e bailes as historias que agochan os 118 elementos da Táboa Periódica.

É posible que moitos, cando tivemos que estudar os

elementos, compuxéramos as nosas cancións como regra mnemotécnica para superar os exames, pero nunca as cancións sobre elementos chegaron a tal nivel de sofisticación.

En *Carbón* atopamos un formato a medio camiño entre a charla de divulgación científica e o monólogo cómico. **Xurxo Mariño**, divulgador e científico e o actor e humorista **Oswaldo Digón** achégannos a poesía que se atopa nos obxectos cotiás, demostrando que a ciencia pode transmitir coñecemento poético e evocador de calquera obxecto, tomando como exemplo un simple anaco de carbón. Como desa pedra negra pode chegarse ao cobizado diamante e como podemos atopar beleza e coñecemento en calquera obxecto da natureza.

Se en décadas anteriores, a divulgación científica era terreo para a seriedade, semella que a fórmula do humor chegou para quedarse. •

AXENDA

DECEMBRO.2021

día 3 · **FARIÑA** en Arteixo · Auditorio do Centro Cívico
 día 4 · **SOMOS CRIMINAIS 3** na Illa de Arousa · Auditorio Municipal
 do 6 ao 8 · **SOMOS CRIMINAIS 3** na Coruña · Teatro Colón
 días 10 e 11 · **SOMOS CRIMINAIS 3** en Ourense · Auditorio Municipal
 día 10 · **FARIÑA** en Leganés · Teatro José Monleón
 día 11 · **FARIÑA** en Pozuelo de Alarcón · Mira Teatro
 días 18 e 19 · **SOMOS CRIMINAIS 3** en Santiago · Auditorio de Galicia
 días 28 e 29 · **SOMOS CRIMINAIS 3** en Narón · Pazo da Cultura

XANEIRO.2022

días 7 e 8 · **SOMOS CRIMINAIS 3** en Vigo · Teatro Afundación
 día 9 · **FARIÑA** en Valladolid · Teatro Calderón
 días 14 e 15 · **SOMOS CRIMINAIS 3** en Lugo · Auditorio Gustavo Freire
 día 20 · **FARIÑA** en Málaga · Teatro Cervantes
 días 22 e 23 · **SOMOS CRIMINAIS 3** en Pontevedra · Pazo da Cultura
 días 29 e 30 · **SOMOS CRIMINAIS 3** en Burela · Casa da Cultura

FEBREIRO.2022

días 4 e 5 · **SOMOS CRIMINAIS 3** en Vilagarcía · Auditorio Municipal
 día 4 · **FARIÑA** en Las Rozas · Centro Cultural Pérez de la Riva (sala Federico García Lorca)
 día 6 · **FARIÑA** en Getafe · Teatro Auditorio Federico García Lorca
 día 12 · **FARIÑA** en Torroella · Auditori Teatre Espai ter
 día 12 · **SOMOS CRIMINAIS 3** en Cangas · Auditorio Municipal
 día 20 · **SOMOS CRIMINAIS 3** en Ferrol · Auditorio Municipal
 día 26 · **FARIÑA** en Getxo · Muxikebarri Zentroa

MARZO.2022

día 5 · **CARBÓN** en Santiago · Auditorio ABANCA
 do 11 ao 13 · **FARIÑA** en Santiago · Auditorio de Galicia
 do 15 ao 19 · **FARIÑA** na Coruña · Teatro Colón

ABRIL.2022

días 1 e 2 · **FARIÑA** en Pontevedra · Pazo da Cultura
 días 8 e 9 · **FARIÑA** en Vilagarcía · Auditorio Municipal
 días 15 e 16 · **FARIÑA** en Lugo · Auditorio Gustavo Freire
 días 22 e 23 · **FARIÑA** en Ourense · Auditorio Municipal

MAIO.2022

días 14 e 15 · **FARIÑA** en Vigo · Teatro Afundación
 días 21 e 22 · **FARIÑA** en Ferrol · Auditorio Municipal
 día 28 · **FARIÑA** en Cangas · Auditorio Municipal

XUÑO.2022

día 4 · **FARIÑA** en Rivas Vaciamadrid · Auditorio Pilar Bardem
 día 11 · **FARIÑA** en Cee · Casa da Cultura

XOSÉ A. TOURIÑÁN

CARLOS BLANCO

SEGUNDAS PARTES NUNCA FORON BOAS...

SOMOS CRIMINAIS

3

NOVO ESPECTÁCULO!



TODAS AS DATAS EN

SOMOSCRIMINAIS.GAL

A NOSA CULTURA NUNCA



deixará de facernos rir, bailar, cantar e chorar. Porque detrás de cada película, cada obra e cada canción hai centos de persoas loitando para que o mundo das artes non se deteña, e miles máis apoiándoos porque a nosa cultura nunca...



CAMIÑA SOA.



A RESISTENCIA
NUNCA CAMIÑA SOA